



De esquerda a dereita, os concelleiros do BNG de Culleredo: Gonzalo Méndez, Tono Chouciño, Xabier Villarrenaga e Bea Pérez

## O BNG de Culleredo, sempre ao servizo da veciñanza

Despois das eleccións municipais do 28 de maio, o Bloque Nacionalista Galego sumou 2.886 apoios da veciñanza de Culleredo, case un 75% máis respecto dos resultados de 2019. A aritmética política traduce este importante aumento no número de votos nun grupo municipal con 4 concelleiros e concelleiras, liderado por Tono Chouciño e ao que seguen acompañando Beatriz

Pérez e Gonzalo Méndez, coa nova incorporación de Xabier Fernández-Villarrenaga. Desde o mesmo día seguinte ás eleccións, o Grupo Municipal do BNG púxose a disposición da veciñanza para poñer a defensa dos seus intereses no foco da vida política municipal.

Nestes últimos 7 meses a actividade do noso Grupo Municipal ten sido frenética, atendendo a diario deman-

das e solicitudes da veciñanza, que en moitas ocasións víronse freadas pola inactividade municipal, xa que o goberno municipal non convocou ningún Pleno Ordinario ao que poder trasladar esas demandas entre os meses de abril e setembro. Dado o alto volume de solicitudes de atención e respondendo á demanda veciñal, ademais de contactar co noso Grupo Municipal a través do ende-

rezo electrónico [culleredo@bng.gal](mailto:culleredo@bng.gal) e todas as nosas redes sociais, vimos de instaurar un novo servizo de atención presencial no noso despacho na segunda planta da Casa do Concello, os luns e mércores de 12:00 a 14:00 horas. Se precisas ser atendido en calquera outro horario, podes solicitarnos cita previa a través do email ou unha mensaxe privada ás nosas redes.



Por: Violeta Chouciño Veiga

### Agasallo!

O BNG de Culleredo deséxavos un bo ano 2024 e cunha ría do Burgo por fin limpa e produtiva

### Índice

<b>PLENO DE ORGANIZACIÓN</b>	
A fondo	p. 2
<b>ORZAMENTOS MUNICIPAIS</b>	
Resumo	p. 3
<b>ALMANAQUE 2024</b>	
Agasallo	p. 4-5
<b>CONSEGUIMOS A REPROBACIÓN DA CONCELLEIRA DE PERSOAL</b>	
Por varios escándalos	p. 6
<b>ALGO CHEIRA A PODRE EN CULLEREDO</b>	
A limpeza e o lixo	p. 6
<b>A GALIZA QUE QUEREMOS</b>	
A Xunta de Galiza e o estado español	p. 7
<b>ENTREVISTA A ANA PONTÓN</b>	
Contracapa	p. 8
<b>SABÍAS QUE...</b>	
Pequenas anotacións de información extra	p. 8



Precisas axuda? **Contacta co BNG!**

Temos novo servizo de **atención presencial!**

Luns e mércores, de 12 a 14 horas, na Casa do Concello  
Tamén podes axendar en [culleredo@bng.gal](mailto:culleredo@bng.gal)  
ou visita as nosas redes sociais

VAI Á **ÚLTIMA** PÁXINA

# 100 DÍAS DE OPORTUNIDADES PERDIDAS... —

## O pleno de organización... do pacto PP-PSOE

- O Pleno de Organización serve para organizar áreas de goberno, sesións plenarias, cargos ou salarios no goberno municipal entrante
- O BNG supeditaba o apoio ao cumprimento de medidas en favor da veciñanza, pero PP e PSOE pactaron un reparto de salarios

Na composición de calquera nova Corporación Municipal, despois das eleccións, hai dous Plenos Extraordinarios de alto voltaxe: o primeiro, o da elección da Alcaldía, e o segundo, tan importante ou máis se cabe, o de Organización, no que o novo alcalde ou alcaldesa, presenta unha proposta de de organización do seu goberno: cantos dos seus membros van ter dedicación ao Concello, se vai ser exclusiva ou parcial, cal vai ser o seu salario segundo esa dedicación, cales van ser os recursos a disposición dos grupos na oposición... É dicir, entre outras cousas, aprobese o salario do goberno municipal e as condicións de traballo da oposición.

Desde o BNG temos claro que a dedicación á actividade municipal debe ser compensada, para poder contar con políticos co foco no servizo público, independentes e libres de ataduras de poder. Do mesmo xeito, levamos anos reclamando que as forzas, na oposición como o BNG, que son alternativas de goberno, deben contar tamén con recursos para realizar o seu labor fiscalizador do goberno local.

Pero tamén tivemos sempre claro que este Pleno de Organización era a gran oportunidade para lograr por parte do goberno municipal un cambio de rumbo, o inicio do cumprimento da legalidade e, o máis importante, unha serie de contraprestacións para que se visen cumpridas demandas históricas da veciñanza. É por iso, que o Grupo Municipal do BNG de Culleredo trasladou ao resto de grupos municipais, un documento con 50 medidas imprescindibles para os 100 primeiros días de goberno. Desde o BNG apelamos, até os últimos minutos antes do propio Pleno Extraordinario de Organización, aos outros grupos da oposición, para que se sumasen á nosa iniciativa, deixando provisionalmente en suspenso a aprobación dos salarios mentres o gober-

no municipal non dera conta dos seus avances nas nosas demandas durante os 100 primeiros días de goberno.

### Oposición e "pacto da vergoña"

A todo isto e moito máis dixeron NON os outros grupos da corporación. Co voto negativo do PSOE xa se contaba, mais o PP e Alternativa dos Veciños desaproveitaron a maior oportunidade para reclamar solucións aos problemas da cidadanía, aceptando un acordo sen ningunha contraprestación para a veciñanza de Culleredo, a cambio de 5 salarios para o PP, 2 para o BNG e 1 para Alternativa. O BNG foi o único que votou en contra.

O acordo contempla que o Alcalde, José Ramón Riobóo, non teña dedicación ao Concello de Culleredo, e polo tanto renuncia ao salario, mais **cobrará 70.000€ ao ano pola súa dedicación á Deputación da Coruña**. Esquiva así o máximo legal do salario que podería percibir como rexedor, que sería de 64.000€ ao ano. Así poderá aumentar o seu salario de case 70.000€ con 20.000€ máis a cargo do Concello pola asistencia a órganos colexiados, como Plenos, Comisións ou Xuntas de Voceiros.

Por outra banda, o PP liderado por Izas-kun García Gorostizu logrou 3 dedicacións para os seus concelleiros/as por valor de 103.500€ ao ano. Ademais, poderá contratar a 2 persoas asesoras a xornada completa (ver cadro).

Segundo Tono Chouciño, "o PP de Culleredo entrega os seus votos ao PSOE, a cambio de salarios, sen que dentro dese pacto, queiran facelo público e sen incluír ningunha medida para mellorar a vida da nosa veciñanza. Esta mandato municipal quedará xa marcado por este pacto da vergoña. O BNG seguirá a fiscalizar cada acordo plenario aprobado por este goberno do PSOE-PP oculto nas sombras."

### 50 propostas para 100 días

Entre elas están, por exemplo:

- » **A licitación dos principais servizos municipais sen contrato:** abastecemento de auga potábel, limpeza viaria, mantemento de parques e xardíns, axuda no fogar, alumeadado público, mantemento de vías públicas, limpeza de edificios públicos...
- » Crear e dotar de persoal unha **oficina de atención ao asociacionismo**.
- » Publicar anualmente, no primeiro trimestre de cada ano, **convocatorias de axudas ás asociacións e clubs** do noso concello para a realización de actividades e o financiamento de investimentos.
- » **Convocar a comisión especial do PXOM**, con presenza do equipo redactor do proxecto, para poñer en común con todos os grupos representados na Corporación Municipal toda a información referente ao mesmo e consensuar os pasos a levar a cabo para a súa aprobación definitiva.
- » Render conta aos grupos da corporación de toda a tramitación e o **estado actual das denuncias contra establecementos que incumpren** as ordenanzas municipais.



	2019	2023
<b>ALCALDÍA - JOSÉ RAMÓN Riobóo - PSOE</b>		
	55.000 €	69.441 €
	100% DEDICACIÓN AO CONCELLO	100% DEDICACIÓN Á DEPUTACIÓN (o máximo que podería cobrar no concello por Lei serían 63.888,61€)
<b>CONCELLEIROS CON DEDICACIÓN</b>		
GOBERNO - PSOE	39.800€ x 5	45.000€ x 4
	31.840€ x 1	36.000€ x 1
	19.900 x 3	22.500€ x 2
<b>TOTAL</b>	<b>290.540€</b>	<b>261.000€</b>
<b>CUSTO POR CONCELLEIRO NO GOBERNO:</b>	<b>26.413€</b>	<b>37.286€</b>
PP		45.000€ x 1
		36.000€ x 1
		22.500€ x 1
BNG		22.500€ x 2
AV		22.500€ x 1
<b>ASIGNACIÓN ANUAL A GRUPOS POLÍTICOS</b>		
PSOE	7.000€	7.800€
PP	2.500€	6.950€
BNG	2.500€	4.400€
AV	2.500€	2.700€
<b>TOTAL ESTRUCTURA POLÍTICA DA CORPORACIÓN (AUMENTO DUN 26%)</b>		
	<b>360.040€/ano</b>	<b>453.850€/ano</b>
<b>POSTOS DE ASESORAMENTO CON PERSOAL DE LIBRE DESIGNACIÓN</b>		
A DISPOSICIÓN DO PSOE	3 asesorías técnicas + 2 secretarías	2 asesorías técnicas + 2 secretarías
A DISPOSICIÓN DO PP		2 asesorías técnicas
<b>INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS</b>		
Por Pleno	250€	450€
Por Xunta de Voceiros	150€	200€
Por Xunta de Goberno Local	350€	200€
Por Comisións	150€	250€
<b>MÁXIMO ANUAL</b>	<b>345.600€/ano</b>	<b>324.800€/ano</b>

## — ...MIRANDO CARA AO FUTURO

# Culleredo 2024: sen orzamento e sen rumbo

- *A normativa prevé que até un 25% dos investimentos sexa decidido pola cidadanía, mais o goberno parece obviar esta vía*
- *O retraso constante, o aluvión de alegacións ou os modificativos deixan en evidencia a falta de proxecto do goberno Riobóo*

O Concello de Culleredo inicia o ano 2024 sen orzamento e non parece que vaia aprobarse pronto. Este é o documento económico máis importante dunha institución coma a municipal, xa que é a guía de gastos e investimentos e nel se prevén as necesidades do concello e a súa poboación.

O BNG leva semanas avisando das consecuencias do retraso na tramitación do proxecto de orzamento. Moitos servizos básicos dependen da chegada dos fondos a tempo, e moitas persoas e colectivos ven condicionado ou limitado o seu labor por culpa da falta de implicación do goberno de Riobóo.

O alcalde non debería culpar á oposición —por cumprir co seu labor fiscalizador— ou á cidadanía —por non terlle dado a maioría absoluta—, e si debería asumir a súa responsabilidade, xa que está claro que sacar o traballo municipal adiante non require de maiorías nin apoio plenario.

Xa van varios anos nos que o orzamento se aproba con varios meses de atraso, até en setembro. Ademais, algúns anos aprobáronse modificacións ao longo do exercicio, o cal magnifica a sensación de falta de previsión ou mesmo de capacidade de xestión por parte do equipo de Riobóo.

### Participación cidadá

O Regulamento Orgánico de Participación Cidadá prevé que até un 25% dos investimentos sexan decididos pola veciñanza, como propostas directas ou a través do Consello de Participación Cidadá —órgano que leva anos sen ser convocado—.

A norma prevé que as propostas cidadás sexan achegadas antes do día 8 de setembro de cada ano, mais o goberno municipal nunca lle dá publicidade entre a poboación e é unha cuestión descoñecida.

O BNG fixo o esforzo, que correspondería ao goberno municipal, de facer saber á cidadanía o seu dereito e puxo en marcha unha campaña para a divulgación sobre os orzamentos participativos, con notábel éxito, e da que naceron varias propostas veciñais.

Durante varias semanas, o BNG mantivo xuntanzas con representantes de varias asociacións e clubs deportivos, ademais de atender as demandas de persoas individuais. A confianza cidadá no noso equipo quedou patente. Grazas a este traballo, dúcias de propostas foron achegadas ao Concello para seren incluídas nos orzamentos para 2024.



Arriba, o pavillón de Tarrío; á esquerda, a praza de Galiza, e á dereita, A Fonte da Balsa

## As demandas veciñais e os proxectos do BNG

Tanto na campaña de divulgación sobre os orzamentos municipais e o dereito á participación cidadá, como por vías previas, xurdiron moitas ideas de proxectos interesantes para a modernización da nosa contorna e a mellora do benestar social.

### ARI PARA A FONTE DA BALSAS

Unha ARI é unha Área de Reabilitación Integral e trátase dunha medida para conxuntos urbanos que precisan ser rehabilitados de xeito urxente por algunha circunstancia especial, con dotación de fondos económicos.

O BNG conseguiu que o Concello de Culleredo solicitase a declaración de ARI para A Fonte da Balsa, en Vilaboa, por votación unánime no pleno municipal. Este era o primeiro paso e necesario para iniciar o proceso. Agora, para que cheguen os fondos, o Concello de Culleredo ten que achegar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a documentación, na que se inclúa a delimitación da área, o compromiso municipal para crear ou manter unha oficina municipal de rehabilitación e unha memoria que detalle as necesidades e o proxecto para o barrio.

O documento de orzamentos é necesario para prever todos os gastos previos para o inicio da ARI e facer posíbel que cheguen os fondos para a súa materialización.

### SERVIZOS BÁSICOS

Aínda quedan moitas zonas do concello que carecen de servizos básicos como pode ser o saneamento. Moitas peticións coinciden en pedir esa instalación. Desde o goberno municipal ignoran estas peticións en base a que, segundo din, o 100% do concello conta con este servizo.

Mais moitas lectoras e lectores saberán que iso é mentira.

Ademais, outros servizos básicos, como o de abastecemento da auga deixan moito que desexar e as queixas son constantes. A solución pasa por contratar o servizo, que segue en precario despois de anos de ter finalizado o contrato e non ter publicado a licitación novamente.

### LIMPEZA VIARIA E XARDÍNS

Outra constante entre as peticións veciñais é a falta de limpeza nas estradas, xa que nalgún caso, a maleza chega a invadir a calzada.

É obriga do goberno municipal proceder dúas veces ao ano. Non é así en moitas ocasións e noutras, faise tarde, mal e arrastro. A falta de limpeza chegou a favorecer a aparición de ratas nalgúns zonas, segundo denunciaron varias persoas.

Coma no caso anterior, a licitación tamén podería solucionar moitos dos problemas neste punto, xa que o contrato leva anos caducado e os servizos páganse mes a mes con reparos da Intervención municipal.

### TRÁFICO E PASOS PEONÍS

Outro clamor xeral é a falta de mantemento das infraestruturas viarias municipais. Estradas e camiños, ademais da invasión da maleza, soportan fochancas e fendas que dificultan e mesmo poñen en perigo a circulación tanto de vehículos coma de peóns.

No rural, segue pendente mellorar a mobilidade peonil, tanto nos núcleos de poboación como entre as parroquias. O caso senlleiro é o de Ledoño, que quedou illado da súa contorna entre estradas varias e o CLT.



**POR UN ANO NOVO CUNHA**  
**RÍA LIM**

# 2024

## XANEIRO

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

## FEBREIRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

## MARZO

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

## ABRIL

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

## MAIO

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

## XUÑO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

## XULLO

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

## AGOSTO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## SETEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

## OUTUBRO

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

## NOVEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

## DECEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

# IPA E PRODUCTIVA

# ALGO CHEIRA A PODRE EN CULLEREDO —

## A concelleira de Persoal, reprobada polo Pleno

O BNG conseguiu a reprobación da concelleira de Cohesión Social, Réxime Interior e Recursos Humanos, Marta Figueroa, a pesar do voto en contra do PSOE. A iniciativa foi elevada a Pleno tras a última condena ao Concello de Culleredo, en contra da suspensión de emprego e soldo dun funcionario.

A decisión debería supoñer que a edil tería que abandonar a súa acta de concelleira. Tamén se debatía a posibilidade de que pague as costas do xuízo do seu peto, e que o Concello non siga recorrendo a sentenza e restitúa no seu posto ao funcionario suspendido. Mais o secretario municipal tomou a palabra para facer retirar estes últimos puntos, xa que argumentaba que o Pleno non tiña competencia.

A condena chegou despois de que o funcionario sancionado sen emprego e sen soldo gañara o xuízo e que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ratificase o fallo, por considerar que se vulneraron os dereitos do funcionario, como o da defensa xusta, e non se optou pola medida menos restritiva con eses dereitos. Ademais, a medida tomada non serviu para conseguir o obxectivo de asegurar o normal funcionamento do servizo.

A Secretaría Municipal —responsábel do asesoramento xurídico do Concello— xa advertira en contra, até en dúas ocasións, por se basear “en opinións subxectivas e probabilidades apreciadas pola concelleira”, e aínda así optouse pola discrecionalidade poñendo a un funcionario con máis de 30 anos de servizo na rúa de contado, saltando os trámites esenciais.

O BNG xa vén clamando pola dimisión da concelleira de persoal desde hai moito, debido ao paupérrimo funcionamento crónico da área e pola falta de persoal na administración municipal en xeral, e no Conservatorio municipal ou na Policía Local en particular. Ademais, é a responsábel de procesos selectivos, algúns denunciados, e outros que caducaron por falta de vontade para sacalos adiante.

O goberno municipal tratou de evitar que a proposta fora votada en Pleno, a través de todos os medios, incluso con métodos de dubidosa legalidade e nada democráticos. Retirou unilateralmente a proposta da Orde do Día unha vez acordada e cando o BNG recurriu, adiouse o Pleno aludindo a problemas informáticos.

## Os **servizos públicos** sen contrato provocan improvisación, inseguridade e **precariedade**

Para o BNG, sempre na defensa dos servizos públicos, o estado natural da prestación dos servizos é a xestión directa, é dicir, que esa prestación se faga por traballadores públicos, e non que se contrate a empresas que á súa vez fan mercantilismo co emprego, contratando persoal en condicións precarias e pagándolles tarde, mal e arrastro.

As limitacións que impón a Lei Montoro (lei do PP que non foi derogada polo PSOE) á contratación de persoal público, obrigan a que a prestación dos servizos municipais teña que ser por xestión indirecta, é dicir, contratada a empresas.

Polo tanto, a única vía que lle queda á administración pública para garantir a calidade dos servizos públicos e dar seguridade xurídica á propio institución, ás persoas traballadoras e ás empresas, é a licitación pública.

Isto sería o que debería suceder neste concello, pero a realidade é que en Culleredo o contrato de limpeza viaria leva vencido 11 anos, cando a lexislación só contempla unha demora de 9 meses entre un contrato e o seguinte. E dicir, que a empresa Jardincelas, a mesma que está provocando as protestas das súas traballadoras por non abonarlles os seus salarios en tempo e forma, leva 11 anos prestando este servizo sen contrato.

O goberno municipal do PSOE é o único culpábel de non ter licitado estes



Tono Chouciño, Bea Pérez, Gonzalo Méndez e Xabier Villarrenaga

servizos durante todos estes anos. Son cómplices das empresas que agora vulneran os dereitos das traballadoras.

O goberno de Sacristán, primeiro, e o de Riobóo, despois, preferiron que seguira Xalo, daquela, e agora Jardincelas, embuchando centos de miles de euros cada ano por un servizo que non ten contrato vixente e que condena aos empregados e empregadas a unha continua inseguridade laboral e á veciñanza de Culleredo a resignarse a recibir uns servizos públicos deficientes, sen posibilidade legal de reclamación.

Riobóo di que “é moi difícil elaborar os pregos de contratación”. Non obstante, non tivo problemas para elaborar o con-

trato das orquestras nas festas. Esas son as prioridades do goberno de Riobóo.

As últimas novas son que a empresa acordou un ERTE cunha parte dos traballadores e traballadoras, conforme se lles aplica unha redución de xornada dun 25%. Isto en que afecta á veciñanza? Pois que haberá un 25% menos de limpeza viaria.

O BNG ten avanzado hai tempo que isto ía pasar, que as consecuencias de ter os servizos sen contrato algún, tería os seus rebentóns, ben a nivel de responsabilidades administrativas, penais ou en forma de conflito cos intereses das traballadoras e de deficiencias nos servizos para a veciñanza.

## O lixo sobe un 35% e segue a falta de transparencia

Pola prensa do 26 de outubro decatámonos de que o que imos ter que pagar en cada vivenda pola recollida do lixo vai subir un 35%, o que suporá uns 170 euros fronte aos 126 actuais. Esta suba acordárona en reunión plenaria do Consorcio das Mariñas os alcaldes do PP, do PSOE e de Alternativa dos Veciños, incluído o señor Riobóo.

Esta suba está feita por un organismo que non ten nada de democrático, só o conforman alcaldes, non hai representación dos partidos das corporacións municipais, como o BNG.

De feito, desde o BNG de Culleredo non tivemos acceso ao expediente dese acordo plenario nin ao famoso informe da Intervención do Consorcio, no que seica xustifica o encarecemento baseándoo nunha suba de prezos que non se repercutiu en varios anos. Daquela, por que fan unha suba do 35%, que acumula todas as subas que non se fixeron paulatinamente, xusto despois das eleccións municipais?

Hai uns anos, unha auditoría externa, contratada polo Consorcio, sacaba con-



clusións como que non se limpaban os contedores máis que dúas veces ao ano cando o contrato establecía facelo seis.

En algún momento se lle impuxeron penalidades á empresa por eses incumprimentos? NON. Descontaron do pago o traballo que non se fixo? NON. Usaron eses fondos que poderían ter aforrado para reducir o recibo que pagamos toda a veciñanza? NON. Está cumpríndose a porcentaxe de reciclaxe que establecen as normas europeas mediante a

compostaxe e a valoración de residuos, que permitiría aforrar custos e reducir o prezo que pagamos? Claramente NON.

Durante o período de exposición pública, o BNG de Culleredo presentou un recurso para que se expoña na sede electrónica do Consorcio o expediente completo, tal e como require a lexislación, cos informes que motivan a suba no recibo para que toda a veciñanza poida coñecer se é ou non xustificada.

# – A GALIZA QUE QUEREMOS

## O Pleno Municipal aproba as emendas **propostas polo BNG** de Culleredo ao **Orzamento da Xunta** de Galiza para 2024

– O PP prevé investir desde a Xunta de Galiza **CERO EUROS** en Culleredo en 2024

– A maioría parlamentaria do PP impediu a aprobación das propostas do BNG

O proxecto de orzamentos da Xunta do PP para 2024 non conta con ningún investimento para Culleredo. Por iso o BNG propuxo ao Pleno municipal catro emendas para seren incluídas.

O Pleno do Concello de Culleredo do 31 de outubro aprobou esas catro propostas. Correspondíalle despois á administración municipal presentalas como emendas ao orzamento da Xunta.

- **Execución do Plan de Ordenación Viaria incluído no “Plan Especial no ámbito da Universidade Laboral do Burgo PE-3”**, redactado pola propia Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e aprobado polo Concello de Culleredo en sesión plenaria do 29 de novembro de 2012, que inclúe a construción de beirarrúas, pasos seguros para peóns e dotación de luminarias no Parque de Acea de Ama. No parque conviven usos educativos con usos lúdicos e deportivos. O alumnado dos centros escolares ten que moverse entre eles, co conseguinte perigo debido ao tráfico de vehículos alleos ás actividades escolares, mesmo en horarios de escasa luz natural, polo que é urxente o reforzo da seguranza.



Arriba, acceso ao parque deportivo de Acea de Ama; á esquerda, CEIP de Tarrío, e á dereita, AC-523 ao seu paso por Ledoño

- O estudo, licitación e execución das obras necesarias para dotar de **solucións para a mobilidade peonil o ámbito da AC-523 ao seu paso por Ledoño**, onde a alta densidade de tráfico aumenta o perigo para peóns e ciclistas que transitan ou precisan cruzar esta vía. É unha demanda histórica da veciñanza de Ledoño, Veiga e zonas limítrofes, que a diario viven situacións de perigo para a súa integridade física cando realizan activida-

des tan cotiás como levar as crianzas ao parque, ao colexio, ou desprazarse ao centro cívico.

- **Asegurar a dotación ao rural de Culleredo dun centro que imparta Educación Secundaria Obrigatoria**, sexa a través dun IES ou dun CPI, que evite o agravio das familias do rural en canto ao acceso á ensinanza obrigatoria, xa que o alumnado das parroquias rurais pasan preto de 2 horas diarias no transporte pública para achegarse ao seu instituto.

- **A dotación dunha piscina olímpica no Concello de Culleredo**, necesaria tanto para o conxunto da veciñanza como para os clubs federados do noso Concello, que se ven obrigados a desprazarse a outros concellos para poder adestrar e competir.

As catro propostas foron aprobadas cos votos favorábeis de todos os grupos, agás o “Plan Especial no ámbito da Universidade Laboral do Burgo PE-3” e o IES para o rural, nas que o PP se abstivo.

## O acordo do BNG para a investidura de Pedro Sánchez, unha oportunidade para Galiza

**Galiza no tren das nacións:** Calquera modificación que se produza na estrutura do Estado asegurará o mesmo estatus que Euskadi e Catalunya. En caso de condonacións de débeda, Galiza recibirá compensacións análogas.

**Contra a violencia machista:** Creación de 5 novos xulgados extraordinarios de Violencia de Xénero en Pontevedra, Ferrol, Lugo, Ourense e Compostela. Os tres últimos en 2024.

**Actuacións nas redes de estradas:** Novos descontos nas peaxes da AP-9 e AP-53. Plan Plurianual 2024-2028 de actuacións urxentes na rede viaria galega (actuacións en tramos de alta sinistralidade, finalización en 2024 da autovía Santiago-Lugo, axilizar traballos no Viaduto do Castro na A-6, melloras na N-VI, proxecto da variante da Estra-

da, remate do paseo Pontevedra-Marín, estudo da seguranza viaria na N-555).

**Modernización da rede ferroviaria:** Implantación do tren de proximidade, priorizando A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra; impulso do Corredor Atlántico e a saída sur, Vigo-fronteira portuguesa; modernizar a liña Ferrol-A Coruña; estudo da variante Curtis-Ordes, con conexión a Lugo-Compostela; recuperar as frecuencias previas á pandemia e estudar o aumento de servizos; melloras no FEVE e bonificacións; mellora nos servizos Vigo-Porto e modernización da liña Guillarei-Ourense. A Intermodal de Santiago chamarase Daniel Castelao.

**Melloras sociais:** Permisos de paternidade e maternidade de 20 semanas; manter abonos de transporte; incremento das pensións mínimas e non



Néstor Rego, deputado do BNG no Congreso

contributivas; financiamento do 50% da Lei de Dependencia; garantir que non se produce dobre tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas; 80% do financiamento do Estado na EDAR de Compostela; os terreos do Porto da Coruña serán públicos despois da súa transformación; continuar co saneamento e rexeneración das rías.

**Máis para a nosa lingua:** Producións culturais galegas na RTVE, incremen-

tar as horas en galego e recuperar R4, exclusivamente en galego; asegurar o galego nas webs da AXE; financiar proxectos de adaptación do galego á era dixital; apoiar a recepción dos medios portugueses na Galiza.

**Memoria Histórica:** Declaración de recoñecemento e reparación en relación ao consello de guerra e condena a morte a Alexandre Bóveda, anulado pola Lei de Memoria Democrática.

## ENTREVISTA BNG –



# Ana Pontón: “Galiza é un país rico que o ten todo para avanzar, se nos facemos valer”

—Como valora o actual momento político?

—Moi aberto e centrado, como é normal, nas eleccións galegas do 18 de febreiro. Alédame que en poucas semanas poidamos decidir e poñer en marcha un proxecto de país novo, que aproveite todo o potencial que o noso país ten ao servizo dos galegos e das galegas. A Galiza vaille ben sempre que nos facemos valer. E iso é o que eu quero.

—Considera que esa é a chave para o futuro?

—Claro, todo depende de se confiamos en nós e nos facemos valer. A única maneira de acabar coa discriminación do Estado con Galiza foi tendo unha representación do BNG en Madrid necesaria para investir presidente de goberno. Esa forza é a que consegue melloras para Galiza, en

**Facemos o que non fixo o PP desde a Xunta: defender os intereses dos galegos e das galegas**

temas moi diversos. Facemos como BNG por Galiza o que non fixo o PP desde a Xunta: defender os intereses dos galegos e das galegas.

—O BNG está falando nestas semanas de propostas para diferentes sectores e presentou un Consello Asesor.

—Si, porque estamos presentando as nosas medidas, o noso programa, desde o diálogo cos axentes económicos e sociais. Temos un proxecto sólido, solvente, viábel e estamos preparados e preparadas para facer que Galiza avance.

—Que lle pide ao 2024, agora que acaba de empezar o ano?

—Pídolle, sobre todo, que confiemos en nós. Que os galegos e as galegas confiemos nas nosas capacidades e no noso país. Se o facemos, temos todo por gañar e somos imparábeis. Non somos máis que ninguén, pero tampouco menos. Somos unha nación que quere un futuro próspero e podemos conseguilo.

## SABÍAS QUE

### DEMORA EN URBANISMO

A degradación da administración municipal cullerdense leva a que a concesión de licencias urbanísticas se demore case 3 anos, segundo as denuncias das persoas afectadas.

### OBRAS DE LIÑARES E ORRO

As obras na estrada DP3104, que atravesamos Liñares, e na DP0510, que vai do Confurco a Orro, acumulan retrasos (de anos, no caso da segunda), con evidentes molestias para a veciñanza e perigo para o tráfico, sen que a día de hoxe se albisque o seu remate.

### CONSERVATORIO

Dous meses despois do comezo oficial do curso escolar, o Goberno Municipal conseguiu cubrir todas as prazas de profesorado. Os nosos parabéns. Polo ben do alumnado, agardamos que sexan quen de axilizar os procedementos e en futuras ocasións conseguir acurtar os prazos.

### PAVILLÓN DE TARRÍO

Despois de numerosos anuncios e numerosos remendos, despois de presentar un proxecto e contratar a reforma a finais de 2021, a obra segue sen facerse e sucédense as incidencias de toda índole provocadas polo mal estado das instalacións, que datan do ano 1988, e padecen un deterioro evidente.

### URBANIZACIÓN A RÍA

A veciñanza da Urbanización A Ría segue denunciando as molestias causadas por un local de ocio, que continúa coa súa actividade nocturna malia que o Concello afirma que está clausurado para funcionar como pub.

### MULTA LOCAIS ELECTORAIS

O Concello de Culleredo tivo que pagar unha multa perante a Xunta Electoral de Zona polas reiteradas incidencias no acceso aos locais electorais adxudicados ao BNG, durante a campaña das eleccións municipais do pasado mes de maio.

### VALEDORA DO POBO

Son numerosas as persoas e entidades do noso Concello que nos fan chegar as súas queixas porque, perante a inacción do Goberno Municipal, vense na obriga de recorrer á Valedora do Pobo e esta institución lles traslada que para que o Concello conteste teñen que reiterar até en tres ocasións as súas peticións, actitude que pode dar lugar a responsabilidades penais e que amosa o escaso interese do Goberno de Riobó por atender as demandas veciñais.

### VULNERACIÓN GRAVE EN PROTECCIÓN DE DATOS

Na exposición pública da Conta Xeral de 2022, fixéronse públicos datos persoais que deberían ser anonimizados para a protección da honra e a intimidade. Puidéronse atopar a disposición pública datos que permitían identificar persoas receptoras de axudas sociais, un grave atentado contra os dereitos recollidos na L.O. 3/2018, de 5 de dec., de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como no Regulamento da UE 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.



Somos xente traballadora e comprometida con Culleredo, polo que sempre estamos dispostos a dar voz ás túas demandas. Contáctanos a través de calquera destes medios.

